



PLAN DE CONVIVENCIA



CEIP Plurilingüe A Pedra, Bueu
CURSO 2020/21

ÍNDICE

0.- Xustificación	pág. 3
1.- Marco normativo	pág. 3
2.- Comisión de Convivencia.....	pág. 4
3.- Obxectivos específicos do Plan de Convivencia	pág. 6
4.- Análise da situación de convivencia do centro	pág 7
5.- Actuacións, programas e actuacións desenvolvidas no centro	pág. 11
6.- Difusión, avaliación e mellora	pág 14

0.- XUSTIFICACIÓN

O establecemento dunha regulación en materia de convivencia é fundamental para garantir un ambiente educativo de respecto mutuo. Toda a Comunidade Educativa é responsable da mesma polo que deben participar na elaboración, no desenvolvemento, no control do cumprimento e na avaliación do Plan de Convivencia e das normas de convivencia.

Un dos obxectivos é traballar de xeito expreso na prevención, o tratamento e a corrección das condutas contrarias á convivencia coa corresponsabilidade das familias.

O plan de convivencia é o documento no que se articula a convivencia escolar do centro. Ten que garantir unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro da convivencia , así como a prevención de conflitos e a súa resolución pacífica.

O plan de convivencia está incluído no proxecto educativo de centro (PEC) e velará pola aplicación das medidas encamiñadas a fomentar o respecto polas diferenzas e a igualdade entre homes e mulleres., establecendo as necesidades, obxectivos, directrices básicas e de actuación de convivencia, Inclúe a mediación na xestión dos conflitos e contén as actuacións preventivas reeducadoras e correctoras.

O Consello Escolar ten entre as súas funcións: elixir aos representantes da comisión de convivencia, establecer as directrices para a elaboración do Plan de convivencia, realizar o seguimento e a avaliación anual das normas de convivencia e do Plan e propor actuacións en relación coa convivencia e a resolución pacífica de conflitos.

1.- MARCO NORMATIVO

Este Plan de Convivencia está baseado na seguinte normativa:

- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da Comunidade Educativa.
- Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro polo que se desenvolve a lei 4/2011 do 30 de xuño de convivencia e participación da Comunidade Educativa en materia de Convivencia Escolar.

2. COMISIÓN DE CONVIVENCIA

O plan de convivencia será elaborado pola comisión de convivencia ou, de non estar constituída, polo equipo directivo , e será aprobado polo consello escolar do centro.

A comisión de convivencia está constituída no seo do Consello Escolar con carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do Consello Escolar.

No noso centro está composta por:

- ✓ A directora do centro que a presidirá
- ✓ A xefa de estudos
- ✓ A orientadora
- ✓ A secretaría que levantará as actas das reunións.
- ✓ Dous membros do profesorado pertencentes ao Consello Escolar.
- ✓ Dous membros das familias pertencentes ao Consello Escolar.
- ✓ Un membro do persoal de servizos.

Cando cumpra, solicitarase o asesoramento e/ou colaboración do/a titor/a ou profesorado implicado no tema que se analice, do/a educador/a social e outros profesionais dos servizos sociais ou calquera outro profesional que poida colaborar según a problemática que se trate.

Manteranse polo menos tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta dunha terceira parte dos seus membros.

As funcións da comisión de convivencia por delegación do Consello Escolar serán as seguintes:

- ✓ Elaborar e dinamizar incorporando iniciativas e achegas na elaboración, desenvolvemento e seguimento do plan de convivencia.
- ✓ Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos e o cumprimento das normas de convivencia dos membros da comunidade educativa.

- ✓ Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia e realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- ✓ Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- ✓ Elaborar unha memoria anual sobre a análise de convivencia e conflitividade no centro na que se reflectan as iniciativas sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar e ao servizo territorial de Inspección Educativa.

As funcións do claustro de mestres/as ademais das que lle atribúe o artigo 129 da Lei orgánica 2/2006, terá as seguintes:

- ✓ Realizar propostas para a elaboración do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.
- ✓ Participar no desenvolvemento e na avaliación anual do plan de convivencia.
- ✓ Propor actuacións de carácter educativo relacionadas coa resolución pacífica de conflitos.

Ao equipo directivo correspóndenlle as seguintes funcións:

- ✓ Elaborar, desenvolver, facer o seguimento, a avaliación e a revisión do plan de convivencia e adoptar todas as funcións da comisión de convivencia mentres esta non estea constituída.
- ✓ Impulsar as actividades previstas, velar pola súa realización e o cumprimento das normas do plan de convivencia.

A dirección ademais das funcións que lle atribue o artigo 132 da Lei orgánica 2/2006, terá as seguinte funcións en materia de convivencia:

- ✓ Garantir un clima escolar adecuado que favoreza a aprendizaxe e a participación do alumnado.
- ✓ Garantir o exercicio da mediación, a imposición de medidas correctoras e o desenvolvemento do procesos e procedementos que se establecen no decreto 8/2015 do 8 de xaneiro.
- ✓ Velar polo cumprimento das medidas correctoras por parte do alumnado.

De conformidade co artigo 132,f) da Lei orgánica 2/2006, correspóndelle á dirección a imposición das medidas correctora, sen prexuízo do establecido no artigo 44 do decreto 8/2015, consonte o artigo 26 da Lei 4/2011, do 30 de xuño.

Á xefatura de estudos correspóndenlle as seguintes funcións en materia de convivencia:

- ✓ Coordinar e dirixir as actuacións establecidas no plan e nas normas de convivencia do centro.
- ✓ Velar polo desenvolvemento coordinado e coherente das actuacións no plan de convivencia e das relativas á mellora da convivencia reflectidas nos plans de acción titorial e de atención á diversidade do centro.
- ✓ Promover o exercicio de mediación que se leve a cabo no centro.
- ✓ Organizar a atención educativa do alumnado a que se lle suspendese o dereito de asistencia á clase, no marco do disposto nas normas de organización e funcionamento.

3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PLAN.

Os obxectivos específicos deste plan de convivencia enmárcanse dentro dos obxectivos xerais regulados no artigo 12 do Decreto 8/2015 e serían os seguintes:

- Desenvolver no alumnado actitudes que contribúan a construción dunha autoimaxe positiva, como base para xenerar relacións positivas coas persoas do seu entorno.
- Fomentar a identificación e expresión das emocións como base da empatía necesaria para un clima de convivencia positivo.
- Superar actitudes discriminatorias entre o alumnado derivadas da diversidade existente no mesmo, favorecendo a cooperación e axuda mútua.
- Prevenir e erradicar conductas que fomenten a desigualdade entre homes e mulleres e a discriminación en función da identidade de xénero e da orientación afectivo-sexual.
- Xenerar estratexias e recursos que sensibilicen e involucren a toda a comunidade educativa na creación dun clima positivo de convivencia (profesorado, familias, persoal non docente, etc.) baseado no respecto e na colaboración.

- Lograr unha maior implicación e compromiso por parte do alumnado na elaboración e respecto das normas de convivencia da aula.
- Extender a intervención en materia de convivencia todos os espazos e momentos da xornada escolar (transporte, comedor, actividades extraescolares, saídas, patios, etc.), mellorando a coordinación entre todos os axentes implicados.
- Establecer protocolos de actuación que garanticen a necesaria unidade e homoxeneidade da resposta educativa de todos os axentes responsables en materia de convivencia (profesorado titor, especialistas, monitores, persoal non docente, etc.).
- Sensibilizar a toda a comunidade educativa sobre os temas de acoso e prevenir a súa aparición en calquera das súas formas.
- Protexer ao alumnado de calquera das formas do acoso entre iguais dando resposta inmediata según o recollido no protocolo establecido pola consellería.
- Favorecer os procesos de mediación e conciliación para dar a resposta máis axeitada aos conflitos e resolvelos pacíficamente.
- Incrementar a relación e coordinación con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción dunha convivencia baseada nos dereitose liberdades fundamentáis.
- Desenvolver liñas de formación do profesorado que melloren a competencia do mesmo no abordaxe das dificultades en materia de convivencia.

4.- ANALISE DA SITUACIÓN DE CONVIVENCIA DO CENTRO

4.1- Características do centro e do seu contorno

O CEIP Plurilingüe A Pedra está situado na parroquia de San Martiño de Bueu. Somos un centro de titularidade pública que desenvolvemos a nosa labor docente en horario continuado de 9:10 a 14:10 horas. Os martes de 16:00h a 19:00h o profesorado realiza tarefas de acción tutorial coas familias e celebra reunións de traballo cos distintos equipos do centro.

Polas tardes, de luns a venres, a biblioteca do centro permanece aberta de 16:00 a 18:00 horas permitindo o acceso a todos os membros da comunidade educativa. .

O noso centro ten 18 unidades, 6 de educación infantil e 12 de educación primaria cun promedio de 400 alumnos/as matriculados (130 en infantil e 270 en primaria)

Convén destacar que, aínda que nunha baixa porcentaxe, existen familias con problemáticas diversas (marxinalidade social, baixo nivel socio-económico, familias con mulleres vítimas de violencia de xénero, etc.) de onde procede o alumnado que presenta maior conflictividade e que esixen actuacións coordinadas con outros organismos. Sendo como é Bueu unha vila pequena, onde todas as familias se coñecen, ás veces orixínanse actitudes discriminatorias cara a estas familias que exceden o ámbito escolar.

4.2- Aspectos da xestión e organización do centro que inflúen na convivencia.

O centro conta co programa “Madrugadores”, cun comedor escolar e actividades extraescolares de luns a venres entre as 16 e 18 horas, para axudar á conciliación da vida laboral e familiar, sendo importantes contextos de convivencia entre iguais. Ademais, desenvólvese a actuación “Reforza-te”, dos contratos –programa, con alumnado de 5º e 6º de E.P. en horario de tarde (4 días).

Destacar como un dato negativo moi importante que o noso colexio está dividido en dous edificios (infantil+primaria) diferenciados e separados entre sí por uns 400 metros e unha estrada de por medio.

Este feito incide directamente na convivencia dos distintos sectores educativos:

- Nas relacións entre o propio profesorado de infantil e primaria, xa que non conviven no mesmo espazo físico e practicamente so coinciden nos claustros.
- Os mestres/as especialistas teñen que desprazarse varios días á semana para impartir as súas materias ao alumnado de infantil, non tendo alí, en moitos casos, nin o material nin un espazo propio.

- A nivel organizativo non podemos celebrar moitas conmemoracións xuntos por mor do mal tempo e o desprazamento que supón (día da paz, agosto,,,))
- No referente ás gardas e substitucións funcionamos como centros case independentes.
- A nivel familias a situación se lles complican cando teñen fillos nos dous centros polo que nos vemos na obriga de organizar o horario segundo iso e ser flexibles nas entradas e saídas.
- A xestión administrativa, os servizos de comedor e de plan madrugada están no edificio de primaria o que supón un traslado do alumnado nas horas de entradas e saídas, a pé ou en autobús.

Outro factor negativo que afectou a convivencia nos derradeiros anos foi a provisionalidade do profesorado nos primeiros niveis da educación primaria, habendo grupos que tiveron un titor/a diferente durante varios cursos o que dificultou a interiorización e respecto das normas de aula por parte do alumnado deses cursos.

Contamos cun departamento de Orientación formado por profesorado definitivo:

- Unha orientadora
- Unha mestra de Pedagogía Terapéutica
- Dúas ,mestras de Audición e Linguaxe (unha delas itinerante)
- A coordinadora de infantil e unha representante de cada nivel.

4.3- Conflictividade detectada no centro e necesidades en materia de convivencia:

En xeral, o clima de convivencia do centro é bo aínda que se producen conflitos e comportamentos disruptivos, froito da propia convivencia e que tratamos de solucionar tanto con actuacións directas do profesorado titor como por medio doutras persoas (orientadora, equipo de alumnos/as de mediación, xefatura de estudos,...).

Con respecto ás conductas disruptivas máis frecuentes dentro das aulas, o profesorado sinala as seguintes:

-Falar ou molestar aos compañeiros/as.

- Falar a destempo, interrompendo e sen respectar as quendas de intervención durante a explicación ou traballo.
- Dificultade para traballar cooperativamente.
- Etc.

Unha das fontes de información na detección de conflitos e necesidades do centro é o servizo de mediación escolar. Na memoria anual do curso pasado recolléronse os seguintes datos:

Entre os tipos de conflitos que máis se denuncian en orde de maior a menor frecuencia, atopamos:

1º	Molestar, burlarse dos compañeiros/as.	34%
2º	Insultar, dicir palabrotas, acusarse	21%
3º	Pegar, empurrar, dar patadas	17%
4º	Mentir, malentendidos	15%
5º	Rifar, amosar desacordo.	8%
6º	Excluir, ameazar	4%
7º	Bromas pesadas	1%

Con respecto ao tipo de acordos aos que se chega con máis frecuencia están:

1º	Tratar de non repetir a conduta conflictiva.	38,5%
2º	Facer un trato	27%
3º	Pedir perdón ou perdoar	23%
4º	Dialogar, falar, escoitar	11,5%

A partir das testemuñas do alumnado implicado en conflitos detectamos que a maioría dos mesmos prodúcense fóra da supervisión do profesorado (patio, transporte escolar, comedor, extraescolares) e en moitas ocasións prodúcense tamén fóra do contorno escolar (parques, rúas, actividades deportivas, etc.). Pensamos que debemos mellorar a coordinación cos responsables do transporte, comedor e actividades extraescolares, estendendo a estes espazos medidas de actuación.

Tamén observamos que algunhas das conductas contrarias á convivencia prodúcense con alumnado que presenta NEAE importantes ou simplemente polo feito da diversidade existente nas aulas, aínda que non en número importante.

Ao atoparse o alumnado de infantil noutro edificio distante do edificio principal de primaria nos atopamos coa necesidade de establecer un plan de acollida ao alumnado de 6º de infantil que pasa a 1º primaria.

5.-ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS DESENVOLVIDOS NO ÁMBITO DA CONVIVENCIA E EFECTIVIDADE DOS MESMOS.

No noso centro lévanse a cabo moitas actuacións destinadas a establecer un bo clima de convivencia, baseado no respecto mutuo. Consideramos de vital importancia educar na diversidade, promovendo valores de igualdade, pluralidade, respecto, constancia e esforzo.

Participamos en varias iniciativas e programas que favorecen e melloran a convivencia no centro:

Dentro dos **Contratos-Programa**:

- IGUALA-T para desenvolver accións que fomenten a coeducación, promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, prevención e tratamento da violencia de xénero e outras semellantes entre todo o alumnado do centro.
- CON-VIVE, para favorecer o clima escolar e as relacións entre os membros da comunidade educativa.
- INCLÚE-T para desenvolver medidas que fomenten e melloren a inclusión de todo o alumnado do centro.

Programa de “**Autonomía Persoal e Competencia Socioemocional**” como materia de libre configuración en 4º de Educación Primaria impartido polos titores e a orientadora.

O noso obxectivo é formar ao noso alumnado; en primeiro lugar como persoas para aprender a ser e a valorarse positivamente a si mesmos; como cidadáns

que forman parte dunha sociedade plural e complexa na que deberán saber empregar interaccións positivas e, por último, como profesionais capaces de traballar en equipo e individualmente, cada un dentro das súa diversidade e capacidade.

Valoramos moi positivamente esta actuación para sensibilizar ao alumnado ante os problemas de convivencia que xurden no centro e despertar unha actitude de colaboración na xestión dos mesmos, xa que neste curso selecciónase ao alumnado que constituirá o equipo mediador do seguinte curso. É destacable o interese do alumnado en integrarse no equipo e realoizar a formación específica.

- Servizo de “Mediación entre iguais”, que leva anos en funcionamento na nosa escola e no que participa o alumnado de 5º e/ou 6º de primaria coordinados pola orientadora do centro coas seguintes actuacións:

- Formación do alumnado mediador voluntario en 5º para que exerzan o seu labor dous anos consecutivos.
- Poñer en marcha o servizo de mediación coa actuación do equipo “Os cazaconflictos” que durante os recreos xestionan as demandas presentadas polos compañeiros/as e levan a cabo as mediacións entre eles na aula de mediación situada no espazo da biblioteca escolar e que conta coa equipación necesaria para que se poidan facer varias mediacións ao mesmo tempo.
- Axudantes de patio durante o tempo de recreo para resolver pequenos conflitos que poidan xurdir e incluso mediar no xogo ou derivalos á aula de mediación, de ser o caso. Esta actuación está a dar moi bos resultados co alumnado de 1º e 2º de primaria.

Esta actuación está contribuíndo positivamente a identificar os principais conflitos entre o alumnado e a reducir o número dos mesmos.

Moitas das incidencias resólvense fora da aula de mediación, por acordo dos propios implicados, con ou sen a participación dos “axudantes de patio” e, noutras ocasións, por reiteración, incumprimento dos acordos ou pola

gravidade dos feitos requírese da intervención do departamento de orientación. En moi contadas ocasións chegan á xefatura de estudos xa que se resolven e toman medidas antes.

- Actuacións desenvolvidas polo departamento de orientación coa colaboración do profesorado titor:

- ✓ Programas de prevención de acoso escolar nos niveis onde se detecte esa necesidade.
- ✓ Intervencións para corrixir condutas, tanto co alumnado como coas familias, dando pautas concretas de actuación en cada caso.
- ✓ Contratos de conducta con algún alumno/a que presenta condutas disruptivas.

A eficiencia destas medidas é bastante desigual, en función da colaboración das familias e das problemáticas que as mesmas poidan presentar.

-Uso de metodoloxías de “Aprendizaxe cooperativo”.

A efectividade desta actuación é bastante desigual entre os diferentes grupos, observándose bastantes dificultades para traballar cooperativamente naquelas aulas onde o alumnado presenta condutas máis disruptivas.

-Existe unha importante colaboración cos **Servizos Sociais do Concello** de Bueu, participando en programas de *Apoio Psicolóxico* con accións dirixidas a menores e familias con problemáticas de diversas índoles. Ademais dende o CIM nos ofertan programas como o de “*Asesoramento e terapia familiar a vítimas de violencia de xénero*” e actividades ou obradorios para a prevención da violencia e o fomento da igualdade entre homes e mulleres.

Esta coordinación revélase como moi positiva no tratamento dos casos máis difíciles aínda que a efectividade está moitas veces condicionada pola falta de medidas institucionais máis acordes coas problemáticas das familias (menores, medidas xudiciais, etc.).

-Tamén hai coordinación co departamento de orientación do centro de secundaria adscrito, IES Johan Carballeira. Establecendo unha programación de orientación académica do alumnado de 6º de primaria con

- ✓ Xuntanzas entre o profesorado.
- ✓ Sesión de contacto co profesorado do IES que ven impartir unha sesión “*master class*” en cada aula de 6º para aclarar dúbidas.
- ✓ Xornadas de acollida para familias e alumnado.
- ✓ Xornadas de convivencia co alumnado de 1º da ESO

O intercambio de información entre os centros de primaria e secundaria é valorado moi positivamente polo profesorado do IES para adoptar as medidas máis axeitadas co alumnado máis conflictivo.

6.- DIFUSIÓN, AVALIACIÓN E MELLORA

Este documento será difundido a través da páxina web do centro para que toda a Comunidade Educativa poida coñecelo e consúltalo e pasará a formar parte do PEC.

A revisión do mesmo terá carácter anual, xa que está modificado según a situación extraordinaria de pandemia que estamos a vivir, polo que terá que ser modificado en canto cambien as circunstancias actuais.

Trátase de un documento en constante avaliación, aberto aos cambios que vaian xurdindo e polo tanto susceptible de adaptacións continuas.